



OS LUGARES DE INTERESE XEOLÓXICO DA RBTGX

3. MIRADOIRO AMEIXOEIRA



COORDENADAS XEOGRÁFICAS

X 569810 Y 4648350



Estamos nun enclave de interese chamado Miradoiro Ameixoeira pertencente á ruta xeolóxica do “Parque natural da Baixa Limia-Serra do Xurés”.

Dende este punto podemos gozar de espléndidas vistas ao val do río Limia, á serra de Queguas, á serra Santa Eufemia e á serra do Xurés.

Este enclave destaca polos aspectos xeomorfolóxicos ligados á alteración superficial do granito, que dá formas rechamantes, como torres, extensos penedos ou “fragueiros” e rochas castigadas, na zona chamadas “castelos”. Tamén se observan algunhas estruturas superficiais de formas pseudopoligonais chamadas “codia de pan” e campos de bolos, que son pendentes pedregosas formadas por grandes fragmentos, de diferentes tamaños desprazados pola ladeira, cando non se mobilizan constitúen rochas castigadas e paisaxes ruiformes.

Ademais, este miradoiro permite observar características do relevo apalache, formado por cordilleiras con altitudes máis ou menos regulares (dependendo do tipo de rochas) e con chairas altas, nos cumes, con importantes recuados debido á rede fluvial que está incrustada a favor de fracturas que marcan a orientación tectónica predominante na zona.